

Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA15

Programación de coordinación

Coordinación: Benestar e Convivencia

Responsable: Lucas de las Heras

CIFP: Paseo das Pontes

Curso: 2025 - 2026

Data: 30.10.25

Aprobado consello social 18/12/2025



Índice

1.	Contexto.....	3
2.	Obxectivos, actividades/accións, criterios e indicadores de logro	4
	Protocolos.....	7
3.	Mobilidades en curso (só a cubrir pola coordinación de Programas Internacionais)	8
4.	Indicadores de proceso	8
	4.1. Indicadores.....	8
	4.2. Medición e análise	9



1. Contexto

Referencia ó marco legislativo no que o departamento deste CIFP exerce as súas funcións.

- Decreto 266/2007, do 28 de decembro, de regulación dos Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) en Galicia.
- Decreto 77/2011 do 7 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional (ROC).
- ORDE do 29 de xullo de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril.
- ORDE do 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (en proceso de implantación durante a programación 2023-2024). Contexto específico coordinación.

Especificación da área da que depende.

As funcións están definidas na ORDE do 23 de agosto de 2023 e divídense en tres eixes de coordinación:

a) En coordinación co Equipo Directivo

1. Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
2. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, incorporando contidos no Plan de Acción Titorial.
3. Identificarse ante a comunidade educativa como referente en casos de violencia no centro ou contorna.
4. Informar o persoal do centro sobre protocolos de prevención e protección contra a violencia.
5. Promover a comunicación inmediata ás forzas de seguridade en situacións de risco para menores.
6. Promover plans de formación sobre prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia.
7. Promover unha alimentación saudable no centro docente.
8. Promover a comunicación á Axencia Española de Protección de Datos en casos de tratamento ilegal de datos de menores.

b) En coordinación co Departamento de Orientación

9. Promover medidas que garantan o benestar da infancia e adolescencia e a cultura do bo trato.
10. Coordinar actuacións desde a titoría que promovan valores democráticos e cultura de paz.
11. Colaborar en programas para detectar dificultades de convivencia e relación.
12. Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou vulnerabilidade.
13. Coordinar casos que requiran intervención dos servizos sociais, comunicándoo ás autoridades.
14. Promover a participación das familias e asesoralas sobre convivencia e benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e pais (ANPA)

15. Promover plans de formación sobre prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.



DAFO específico da coordinación de convivencia e benestar.

Análise interna		Análise externa	
Fortalezas		Oportunidades	
1. Compromiso de moitos profesores de querer facer ben o seu traballo.		1. Obradoiros de cara a mellorar o benestar emocional do alumnado.	
2. A mediación por parte do coordinador de convivencia con bos resultados na resolución de conflitos.		2. Congreso de Benestar e convivencia (referencia á asistencia e formación).	
3. Accións de mellora recollidas na programación do curso pasado.		3. Coordinación con órganos de apoio: Tutores, Orientación, Equipo directivo, outros.	
Debilidades		Ameazas	
1. Falta de formación no profesorado para atender problemáticas previas do alumnado de FP Básica e en temas de convivencia/resolución pacífica de conflitos.		1. Presencia de problemáticas graves no ámbito familiar do alumnado.	
2. Dificultade dos profesores para xestionar determinadas situacións no ámbito da convivencia e nas aulas.		2. Problemáticas graves no contorno social do alumnado.	
3. Falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas (comunicación e resolución de conflitos).		3. Dificultade na participación en ciclos superiores e adultos modular: Alumnado de cursos superiores e adultos modular mostra menos disposición ou capacidade para participar nas actividades propostas fóra do seu horario lectivo.	

Na memoria do curso anterior detectáronse necesidades de mellora destacando a necesidade de redución da conflitividade na FP Básica e a formación específica do profesorado en aspectos relacionados coa convivencia. Estas cuestións foron tidas en conta na programación actual para orientar as actuacións da coordinación.

- **Redución da conflitividade na FP Básica**, especialmente nos grupos con maior incidencia de condutas negativas.
- **Formación específica do profesorado** en temas de convivencia, para mellorar a resposta ante situacións complexas nas aulas.
- **Mellora na difusión e aplicación das normas de convivencia**, con especial atención ao uso do móbil, puntualidade e comportamento nas aulas.
- **Coherencia na aplicación dos protocolos de actuación ante conflitos**, promovendo unha resposta coordinada entre profesorado e equipos docentes.

2. Obxectivos, actividades/accións, criterios e indicadores de logro

Traballaranse os seguintes obxectivos:

1. Reducir a conflitividade na FP Básica e nos ciclos con maior incidencia.
2. Formar e apoiar ao profesorado en materia de convivencia e benestar emocional.
3. Mellorar a difusión e aplicación das normas de convivencia.



Obxectivo 1	Reducir a conflitividade na FP Básica e nos ciclos con maior incidencia: Promover a redución da conflitividade nos grupos de Formación Profesional Básica e nos ciclos formativos que presentan maior número de incidencias, mediante accións tutoriais, medidas preventivas e coordinación efectiva entre o profesorado.		
Indicador asociado	Nº de conflitos Nº Rexistro de intervencións preventivas, mediacións e actuacións socioemocionais/NEAE.		
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable	Valor acadado (A cubrir na memoria)
51	Evolución trimestral do número de partes. Comparativa anual cos 51 partes do curso anterior. Rexistro trimestral de intervencións preventivas, mediacións e actuacións socioemocionais/NEAE. Interpretación das variacións segundo o perfil e circunstancias	< 40	Acadado: si/non
Actividade(s) asociada(s)	Actividades de prevención: - Charlas sobre prevención do consumo de drogas, coidado persoal, acoso escolar e uso responsable das redes sociais. - Sesións con asociacións e forzas de seguridade (policía, Garda Civil). - Tutorías grupais centradas en valores, respecto e normas básicas de convivencia. Actividades de actuación: - Intervencións mediante mediación escolar en casos de conflito. - Seguimento individualizado do alumnado con condutas disruptivas. - Aplicación de protocolos de resposta ante incidencias. Coordinación interna: - Reunións periódicas entre o/a Coordinador/a de Convivencia, titores/as e profesorado para compartir casos e acordar medidas. - Reunións entre Coordinación de Convivencia, Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos para o seguimento dos casos e a planificación de intervencións.		
Persoas responsables de actividades	Coordianador de convivencia e colaboradores		
Persoas destinatarias	Alumnado, profesorado e comunidade educativa.		
Temporalización	Todo o curso....Seguemento_1º TRIMESTRE		

Obxectivo 2	Formar e apoiar ao profesorado en convivencia e benestar emocional: Proporcionar ou facilitar o acceso a formación dos membros da comunidade educativa na adquisición de habilidades básicas de comportamento, baseadas en prever o conflito ou controlalo cando se produza, e apoiar o benestar emocional do profesorado.		
Indicador asociado	Nº Participacións nas accións formativas e valoración das mesmas.		
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable	Valor acadado (A cubrir na memoria)



2 Non hai rexistro Non hai rexistro	Asistencia ás formacións Valoración das mesmas (1-4) Nº de consultas ou interaccións co/a Coordinador/a de Convivencia.	>2 >2 >10	Acadado: si/non
Actividade(s) asociada(s)	Actividades de prevención: - Talleres sobre comunicación asertiva, escoita activa, xestión emocional e resolución pacífica de conflitos. - Charlas externas organizadas por Garda Civil, concello, entre outros. - Formación interna. Actividades de actuación (simplificadas): - Aplicar na aula as técnicas aprendidas nas formacións. - Usar os protocolos de convivencia en casos de conflito. - Solicitar apoio ao/a Coordinador/a de Convivencia ante situacións difíciles. - Participar en reunións de seguimento para compartir casos e buscar solucións conxuntas. Apoio e coordinación interna: - Reunións entre Coordinación de Convivencia, Orientación e Xefatura de Estudos para detectar necesidades formativas e propoñer accións. - O/a Coordinador/a de Convivencia ofrece apoio directo ao profesorado: explica protocolos, asesora en situacións de crise, acompaña na toma de decisións e anima a manter un clima positivo na aula. - Nas reunións de equipo docente, fomentar o uso de ferramentas sinxelas para mellorar a comunicación e aproveitar estes espazos como momentos de aprendizaxe compartida. Benestar emocional do profesorado: - Dispoñibilidade do/a Coordinador/a de Convivencia para escoitar, orientar e apoiar emocionalmente ao profesorado en momentos de tensión ou sobrecarga. - Promoción de espazos seguros de diálogo e reflexión sobre o clima da aula e o impacto emocional da docencia.		
Persoas responsables de actividades	Coodinador de convivencia e benesta e outros colaboradores.		
Persoas destinatarias	Profesorado		
Temporalización	Todo o curso.....Seguemento_1º TRIMESTRE		

Obxectivo 3	Mellorar a difusión e aplicación das normas de convivencia. Fomentar o coñecemento e cumprimento das normas de convivencia mediante recursos adaptados, accións informativas e colaboración co profesorado para integralas de forma clara na dinámica da aula.		
Indicador asociado	Novos recursos e métodos utilizados para divulgar e aplicar as normas de convivencia.		
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable	Valor acadado (A cubrir na memoria)
Nn hai rexistro	Nº de recursos novos	>3	Acadado: si/non



Actividade(s) asociada(s)	Actividades de prevención: • Elaboración de documentos resumo adaptados ao nivel de comprensión do alumnado de FP Básica. • Creación de cartelería visual e presentacións nas pantallas do centro sobre normas clave (uso do móbil, puntualidade, respecto). • Titorías específicas para traballar as normas de convivencia. • Campañas temáticas (semana da convivencia, día contra o acoso, etc.). Actividades de actuación: • Aplicación compartida e coherente das normas por parte do profesorado. • Coordinación entre titores/as e docentes para dar resposta ás situacións de incumprimento. • Seguimento dos casos reincidentes e comunicación coas familias.
Persoas responsables de actividades	Coordinador de convivencia e benestar e outros colaboradores.
Persoas destinatarias	Toda a comunidade educativa
Temporalización	Todo o curso....Seguemento_1º TRIMESTRE

Protocolos

Principais protocolos determinados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, aplicables á Formación Profesional Básica e aos ciclos de Formación Profesional: ofesional:

<https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/> [\[edu.xunta.gal\]](https://edu.xunta.gal)

Que son os protocolos educativos?

Os protocolos son documentos oficiais que establecen como actuar en situacións específicas relacionadas co alumnado, especialmente cando existen necesidades educativas, sociais ou sanitarias.

Son de obrigado cumprimento e están dirixidos a toda a comunidade educativa. Así, os PROTOCOLOS actualmente existentes son:

Convivencia e protección

- Protocolo para a **prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso**.
- Protocolo para o **control do absentismo escolar**.
- Protocolo para a **prevención e actuación ante o risco suicida infanto-xuvenil**.
- Protocolo para garantir a **igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero**.

Atención á diversidade

- Protocolo para alumnado con **TDHA** (Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade).
- Protocolo para alumnado con **TEA** (Trastorno do Espectro Autista).
- Protocolo para alumnado con **altas capacidades intelectuais**.
- Protocolo para alumnado con **discapacidade intelectual** (inclúe Síndrome de Down).
- Protocolo para alumnado con **discapacidade auditiva, visual ou motora**.
- Protocolo para alumnado con **dificultades específicas de aprendizaxe** (como dislexia).

Saúde e atención educativa

- Protocolo de **atención educativa domiciliaria** por enfermidade.
- Protocolo de **urxencias sanitarias e enfermidades crónicas**.



- Addendas específicas para **diabetes e enfermidade inflamatoria intestinal**.

Outros protocolos relevantes

- Protocolo de **atención temperá**.
- Protocolo de **protección de datos** no ámbito educativo.
- Guía de actuación ante **violencia de xénero** no contexto escolar.
- Guía para o desenvolvemento do **Plan de Benestar Emocional**.

3. Mobilidades en curso (só a cubrir pola coordinación de Programas Internacionais)

Non aplica.

Tipo	Proxecto	Data inicio	Data fin	Presuposto	Prazas alumnado	Prazas persoal
---	---	---	---	---	---	---

4. Indicadores de proceso

4.1. Indicadores

Proceso	Procedemento	Indicador	Fórmula	Criterio de Aceptación	Frecuencia de medición	Rexistro
Planificación e xestión	PR81PLA15 Programación Convivencia e Benestar.	Elaboración da Programación (MDPLA15)	Si/NON	SI	Anual (Outubro)	Educaldade/ Outubro-25
Planificación e xestión	PR74CIN Comunicación interna	Convocatorias (MDCIN01) e Actas das reunións de convivencia.	Número de reunións realizadas	3	Trimestral	Convocatorias e Actas/Educaldade
Planificación e xestión	PR74CIN Comunicación interna	Asistencia ás reunións de área	Asistencia ás reunións de convivencia	> 90%	Trimestral	Folla de sinatura das correspondentes reunións/ Educaldade
Planificación e xestión	PR81PLA Planificación do curso escolar	Memoria anual (MD-PLA15) presentada no prazo establecido.	Si/NON	SI	Anual (Xullo)	Memoria da área de coordinación de convivencia e benestar (MD-PLA15) / Educaldade



4.2. Medición e análise

O coordinador de convivencia e benestar mantén unha reunión ordinaria mensual coa Área de Formación, segundo o calendario establecido. Ademais, en función das necesidades que poidan xurdir ao longo das semanas, poderanse convocar reunións informais adicionais para dar resposta ás distintas casuísticas que se presenten.

Mensualmente, realízase un rexistro detallado das accións levadas a cabo, o cal se comunica á Área de Formación. Así mesmo, de forma trimestral, complétase o seguimento correspondente da coordinación de convivencia, co obxectivo de avaliar o desenvolvemento das actuacións e planificar posibles melloras.

CONVOCATORIA PARA AS REUNIÓNS DAS COORDINACIÓNS DA ÁREA DE FORMACIÓN			
COA XEFATURA DE ESTUDOS PARA O CURSO 2025.26			
Órgano que convoca	Xefatura de estudos (Beatriz Crujeiras)		
Órgano convocado	Coordinacións da ÁREA DE FORMACIÓN		
Coordinación de benestar	Lucas de las Heras		
Propósito	Xestionar as coordinacións da Área de Formación		
Lugar de reunión	Xefatura de estudos		
Datas (martes)	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
11:30 a 12:00h	09.09.25	27.01.26	21.04.26
11:30 a 12:00h	21.10.25	24.02.26	26.05.26
11:30 a 12:00h	25.11.25	24.03.26	16.06.26
11:30 a 12:00h	09.12.25		
Nota: As reunións extraordinarias realizaranse atendendo ás especificacións da convocatoria.			



FDO: LUCAS DE LAS HERAS GUTIÉRREZ
COORDINADOR DE CONVIVENCIA Y BIENESTAR

